

## REUNIÓN DA RPT DO PERSOAL NON DOCENTE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Santiago de Compostela 18/12/2021

Onte tivo lugar a instancias da Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a segunda xuntanza coas OOSS co obxecto de negociar a modificación da Relación de Postos de Traballo do seu persoal non docente.

Este sindicato volveu reiterar a **necesidade de abrir** con carácter urxente unha **mesa de negociación** onde se aborden con **criterios obxectivos e adaptados á realidade socioeconómica actual os rateos do persoal non docente** funcionario e non docente laboral/limpeza recollidos na **Circular 1/1994** da antes denominada Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Desafortunadamente a **Consellería segue a amosar unha absoluta falta de sensibilidade**, que semella conxénita, **desprezando sistematicamente as históricas e lexítimas reivindicacións do persoal non docente de mellora das súas condicións laborais**.

É absolutamente **imposible que se descoñeza**, por exemplo, que o colectivo de persoas **limpadoras teñan asignados 1.800 metros lineais nos centros de ensino**, cando por exemplo nas **dependencias administrativas da Xunta de Galicia é de 1.300 metros**.

Na xuntanza de onte **reiterouse que non hai previsión por parte dos responsables políticos da Consellería de abrir un escenario de negociación para adaptar os rateos**. Seguiremos insistindo e non dubidaremos en empregar todas as ferramentas ao noso alcance para alcanzar un obxectivo que estamos convencidos **é de xustiza**. Non recoñecer e imposibilitar unha adecuación dos rateos ás demandas actuais de administración e servizos invalida de facto calquera argumento optimista ao que poidan estar tentados de defender os responsables políticos e administrativos da política educativa galega.

Consideramos, ao contrario do que se pretendía na xuntanza de hoxe, que **calquera anuncio de creación de prazas, é ficticio**: o seu único obxecto é o de ir dando resposta a situacións que **en absoluto atenden a unha estratexia de planificación previa**, senón a **respostas puntuais derivadas de situacións sobrevindas**.